

o barroco

Patricia Lago Domínguez

2.1.2. Ópera francesa

<https://www.youtube.com/watch?v=7j3ngal8YUE&list=PL8B8C8C64A>

La Ópera Garnier de París



Os compositores italianos viaxan ao estranxeiro en pequenas compañías de ópera,

converténdose este nun xénero internacional. Existen dúas tendencias fóra de Italia:

Incorporar a ópera italiana ás súas producións teatrais.

Crear unha ópera nacional, seguindo o modelo italiano. Todos os países tentaron crear unha ópera propia, aínda que non foi igual de existosa en todos os lugares.

Jean Baptiste Lully (1632 1687)

Nace en Florencia en 1632 e aos once anos trasládase a Francia. Compositor e tamén danzarín e violinista, que conquistou o poder absoluto en materia musical na corte de Lois XIV. Alí forma parte do grupo dos “Violíns do rei” e, debido ás súas habilidades musicais, é nomeado compositor da corte en 1653.

Compuxo abundante número de ballets de corte ata que abordou a composición de óperas. Así, dende 1673 ata 1687 compón unha ópera por ano, coa colaboración da Academia Francesa e libreto de Quinault, poeta que mantivo sempre a unidade de acción e as fontes mitolóxicas e heroicas para os seus argumentos. Ademais, Lully confirma a abertura coma forma musical, chamada naquel momento abertura francesa.

Morreu en París en 1687.

Jean Baptiste Lully (1632-1687)



- **Lully achega á ópera francesa, chamada tamén traxedia lírica, os seguintes aspectos:**
- Estuda o estilo de declamación que empregaba o teatro francés para poder adaptar o recitativo ás peculiaridades da lingua francesa e crea o recitativo acompañado, que ten como base o uso do verso alexandrino, collendo da aria a súa amplitude melódica. Nas óperas de Lully a diferenza entre recitativo e aria non está claramente marcada.

- A utilización dunha notación complexa con máis cambios de tempo dos que había nos recitativos italianos.
- A estrutura da abertura francesa en tres seccións: adagio – allegro – adagio.
- O esquema formal das óperas de Lully son a abertura que dá paso despois a un prólogo alegórico e á ópera propiamente en cinco actos.
- <https://www.youtube.com/watch?v=5mVa1MB0nc4>

- A ópera concibida por Lully era unha forma de traxedia cantada en francés dende o inicio ata o final, cun acompañamento instrumental. Entre os recitativos, os coros e as arias cortesás intercalábanse tanto mimos coma números de ballet e os argumentos tiñan unha forte presenza do sobrenatural. Entre as súas óperas destacan: “Psiqué” (1678) e “Armide” (1686).
- <https://www.youtube.com/watch?v=KA80Fu5UP5c> (Psiqué)
- <https://www.youtube.com/watch?v=cfwueqZe6sQ> (Armide)

JeanPhilippe Rameau (16831764)



Musicalion.com
Sarabande 1+2
aus "First Book of Harpsichord Pieces"

1.

The image shows two systems of musical notation for a harpsichord piece. Each system consists of a treble clef staff and a bass clef staff. The music is written in 3/4 time and features a characteristic sarabande rhythm with a slow, steady pulse. The notation includes various note values, rests, and ornaments. The first system is marked with a '1.' and a repeat sign. The second system continues the piece and ends with a double bar line.

- Analista e compositor, foi o verdadeiro continuador de Lully. Como teórico, Rameau estudou o acorde, ao que considerou elemento principal da música. Estas investigações plasmam-se nas suas melodias que estão fortemente relacionadas com os acordes que as sustentam.

2.1.3. Ópera alemá e ópera inglesa.

- **A) Ópera Alemá:**

tivo unha gran dependencia da situación económica que atravesou o seu país despois da guerra dos trinta anos. Os teatros que se especializan en ópera

sitúanse primeiro no norte do país, en Hamburgo, Hannover, Leipzig...

A fins do s.XVII, a ópera alemá procedía da mestura de varios xéneros musicais diferentes: do lied ou canción alemá, da aria italiana e da danza de orixe francesa, coa

correspondente mestura de idiomas. Os libretos estaban cheos de acontecementos

históricos, mitolóxicos ou heroicos, como ocorría nas óperas italianas.

Schutz é un dos seus grandes cultivadores.



- **B) Ópera inglesa:** durante a primeira metade do s. XVII eran moi frecuentes entre a aristocracia uns espectáculos coñecidos co nome de mascaradas, moi próximos ao ballet de corte francés. Habería que esperar ao inicio da Restauración para que, coincidindo cun rexurdimento artístico e cultural xeneralizado en todos os ámbitos, nacesen as primeiras óperas inglesas.



Henry Purcell (1659-1695)

- Foi o compositor inglés máis importante do segundo Barroco . Ocupa os postos máis importantes baixo o reinado de Carlos II, Xacobe II e Guillerme III. Foi un brillante compositor de música instrumental, pero tiveron máis sona as súas obras vocais. Atopa no anthem (xénero vocal tipicamente inglés, orixinariamente polifónico e que no Barroco se adaptou á nova textura de melodía acompañada) o mesmo ámbito de traballo ca Bach no coral. Polo que se refire á música profana, compuxo música para numerosas obras teatrais. En Inglaterra o común era que nestas pezas alternasen as partes faladas coas cantadas. Purcell escribiu cinco “semióperas” (obras teatrais con extensas seccións instrumentais e vocais) e unha única ópera “Dido e Eneas”, cantada na súa totalidade. Baseada na “Eneida”, do poeta Virxilio, estaba destinada a un colexio feminino, o que condiciona o argumento, adaptado moralmente, xa que se eliminan os



- <https://www.youtube.com/watch?v=9YW13NyCOPk>
- ***fragmento Dido e Aeneas.***

- A música de Purcell caracterízase pol os seguintes trazos de estilo:
- Uso da disonancia e do cromatismo como recursos expresivos.
 - Uso do “stilo concertato”, sobre todo na contraposición dos coros.
 - Procura da declamación do texto.
 - Utilización dun recitativo moi expresivo, ligado máis ao arioso que ao recitativo secco italiano.

Georg Friedrich Haendel (1685-1759)

- Nace en 1685 en Halle, Alemaña, e morre en Londres en 1759. Desde cativo amosou un talento extraordinario para a música. Con dezasete anos, ingresa na universidade de Halle para estudar leis.
Nese mesmo ano ocupa o cargo de organista na catedral da súa cidade. En 1703 trasládase a Hamburgo, cidade na que compuxo moitas sonatas (todas elas perdidas) e varias óperas. En 1706 viaxa a Italia, país onde permanecerá catro anos. Grazas á súa estancia alí, as súas melodías para voz suavízanse, refínanse as liñas melódicas e experimenta coa escritura para corda, que se fai máis avanzada e dramática. Haendel regresa a Alemaña, aínda que

- A música das primeiras óperas escritas en Hamburgo por Haendel perdeuse, aínda que os testemuños falan do éxito obtido con elas. En Italia compón varias óperas; da primeira: “Rodrigo” (1707) utilizará posteriormente varias pasaxes para outras óperas, procedemento moi practicado polo músico.

Os éxitos obtidos no teatro por Haendel anímalo a cultivar este xénero en Londres. A estrea nesta cidade de “Rinaldo”

(1711) foi o acontecemento operístico da tempada; a ópera tiña extensas arias

destinadas á voz de castrato, que confirmaron a Haendel coma un gran compositor teatral. Na ópera

“Radamisto” (1720), utilízanse por primeira vez as trompas no teatro. A esta séguenlle “Xulio

César”, composta en 1724 e considerada un dos máis grandes dramas históricos do músico. Como é

- Aínda que algunhas delas tiveron moito éxito, as últimas tempadas de ópera desta época remataron co fracaso da Real Academia de Música, sociedade para a que traballaba Haendel. Ademais, o xurdimento dun xénero propiamente inglés, “The Beggar’s opera” (1728), que tiña como asunto dos seus argumentos distintas sátiras sobre músicos, políticos, nobres e personaxes da sociedade londinense, anulou o éxito das óperas italianas e inglesas. Dende 1729, con moitas dificultades, xa que ten que competir, ademais, con outra compañía rival, a “Ópera da nobreza”, Haendel estrea óperas coma: “Ariodante” (1735) ou “Alcina” (1735). As perdas económicas producidas polas súas empresas operísticas fixeron que abandonase este xé



- https://www.youtube.com/watch?v=EU68i_HwCA
“Ariodante” (1735)
- <https://www.youtube.com/watch?v=3FJOVXH5LBA> “Alcina” (1735)